

CURRÍCULUM VITAE E CARTA DE PRESENTACIÓN PARA INTERNET

Para a utilización destes documentos en Internet existen algunhas consideracións que se analizan a continuación:

Para o Currículum Vitae (CV)

Cando o documento se vai a enviar, como autocandidatura, por correo electrónico a unha ou varias empresas:

Neste caso, o modelo podería ser o mesmo que se utiliza en soporte papel. Hai que adxuntalo como documento, nunca copialo directamente no corpo da mensaxe. Do que se trata é de que a mensaxe actúe como “carta de presentación”.

O documento do CV é moi importante que sexa un arquivo que poida gardarse e imprimirse, tendo a precaución de envíalo nun formato común (como pode ser Word ou similar) para que non ofrezca problemas ao abri-lo.

Por último, protexer o documento, bloqueándoo cunha clave para que non poida ser manipulado.

Cando se colga nun portal de emprego:

Neste caso, realízase un tabulado; e dicir, recheanse os campos dentro dun formulario. É así para facilitar á empresa reclutadora facer unha busca por campos. A criba faina unha máquina e esto hai que telo en conta á hora de redactar o contido.

Alguns portais de emprego ofrecen a posibilidade de destacar, utilizando “palabras clave”, algún aspecto dos datos colgados. Naide millor que a propia persoa interesada para saber cal lle interesa destacar.

Para a carta de presentación

Non é conveniente que sexa un documento adxunto xa que obrigamos a quen reciba o envío a un traballo engadido (abrir a carta de presentación e o CV).

No “asunto” da mensaxe convén expoñer a máxima información coas menos palabras posibles. Por exemplo:

Asunto: CV Pepe López. Oferta: Empregado administrativo para o departamento de persoal.

O videocurrículum

Consellos a ter en conta:

- 1) Preparar previamente o guión: dar os datos só esenciais, falar daquelo que nos diferencia e frecer un só argumento que valide a aptitude para o posto a cubrir.
- 2) Ensañar tanto como sexa necesario a posta en escea. Procurar aparecer natural e con aspecto tranquilo.
- 3) Adecuar a mensaxe verbal, o aspecto e toda a posta en esca ao destinatario. Informase ben antes sobre a empresa a que se dirixe,.
- 4) Se se presenta unha autocandidatura, pensar moi ben qué imaxe se quere transmitir e deseñar o vídeo en función deso. Se non se ten claro, preparar unha intervención o máis correcta e neutra posible, apta para a maior parte dos receptores.
- 5) Evitar as montaxes complicadas, de dudoso gusto e que distraigan a atención.
- 6) Buscar un punto de equilibrio entre a formalidade que require este documento e a simpatía.